

2ª

UNIDADE DIDÁCTICA

dirixida ao profesorado de 6º curso
de Educación Primaria e 1º de
Educación Secundaria Obrigatoria



Transforma as desigualdades de xénero

Aceptas o reto?

ACTIVA O RADAR TDX! ESTÁ EN TI

2ª UNIDADE DIDÁCTICA

dirixida ao profesorado de 6º curso

de Educación Primaria e 1º de Educación Secundaria Obrigatoria

Activa o radar TDX! Está en ti

Esta campaña, «Activa o radar TDX! Está en ti», promovida polo Concello de Cangas grazas ao apoio do Pacto de Estado, componse de 4 microvídeos dunha duración de entre 1-2 minutos cada un para traballar nas aulas. Con esta búscase, especificamente, sensibilizar ao alumnado de 6º curso de Educación Primaria e de 1º da ESO. Se agora mesmo estás a asociar o xogo de palabras do título co radar da DGT, e pensando que se trata dunha campaña para sensibilizar e concienciar sobre seguridade viaria, dicirche que... frío, frío! xa que as siglas TDX significan «Transforma as Desigualdades de Xénero».

Por que no título da campaña dise que o radar está en ti?

Porque todas as persoas podemos detectar a presenza de desigualdades de xénero que están ao noso arredor. O radar é unha metáfora para explicar que hai violencias de xénero e outras violencias machistas que poden acontecer no noso día a día, están por todas partes, pero velas e detectalas depende de nós. As desigualdades de xénero-relacións de poder derivadas das ideas e crenzas do noso sistema patriarcal e heteropatriarcal-, están arraigadas na nosa sociedade machista, polo que chegamos a ver “normal” aquelas situacións que non deberíamos tolerar. E, aínda que comezar a ser quen de detectar as desigualdades non é cousa dun día, todas as persoas podemos espertar a nosa conciencia, darnos conta que identificar as desigualdades tamén está en nós. Só temos que activar o radar, a nosa conciencia.

Verás que cando o alumnado active o seu radar non poderá crer a cantidade de situacións que detecta e que antes pasaba por alto ou, simplemente, víaas tan habituais que lle pasaban desapercibidas.

Probamos?

En cada microvídeo, observaremos unha situación cotiá que se dá entre mozas e mozos de entre 10 e 12 anos. Cada un destes microvídeos conta cunha personaxe principal, a que irá compartindo connosco as súas reflexións. Estas emanan do seu radar interno e farannos ver por que debemos cuestionar as ideas e actitudes que sustentan as desigualdades de xénero. Ademais, mostraranos como activar o noso radar, porque nós tamén podemos transformar as desigualdades de xénero.

Procura que o alumnado preste moita atención ao contido do microvídeo e reflexione sobre as situacións que se van traballar na aula xa que, unha vez activen o seu radar, xa non o queren desactivar. O obxectivo é que se dean conta de que as súas accións e decisións tamén poden xerar desigualdades...

Non o esquezas, a nosa misión é lograr que rexeiten e combatan as desigualdades de xénero e as violencias machistas no seu día a día.


Nesta unidade didáctica imos traballar as **masculinidades e feminidades hexemónicas**. **Aceptas o reto? Verás que os beneficios son moitos.**



COMEZAMOS?

Activemos o noso
radar da TDX...

**OBXECTIVOS
DIDÁCTICOS**



REFLEXIONAR

sobre a construción social da feminidade e a masculinidade imperantes, así como sobre as expectativas e os mandatos de xénero que os rexen.

APRENDER

como afectan a cousificación e a hipersexualización nas distintas etapas vitais na consecución da igualdade.

FOMENTAR

a visibilidade e a presenza de todo tipo de diversidade.

REFORZAR

o auto-coidado, auto-aceptación e a autoestima, así como a aceptación de todas as diversidade corporais.

IDENTIFICAR

os comportamentos e condutas que perpetúan a violencia cara os corpos non normativos.


TRABALLAR

en prol dun pensamento crítico capaz de detectar comportamentos discriminatorios que exercen violencia sobre os corpos e no desmantelamento dos canons de beleza imperantes.



QUE CONTIDOS IMOS TRATAR?

MASCULINIDADES
E FEMINIDADES
HEXEMÓNICAS



Claves teóricas para traballar as temáticas que se abordan no microvídeo

Nesta unidade didáctica imos traballar co segundo dos catro microvídeos da campaña «Activa o radar TDX! Está en ti», promovida polo Concello de Cangas.

Na primeira unidade didáctica abordamos a socialización de xénero, as identidades de xénero, os roles e estereotipos de xénero e comezamos a abordar o proceso de construción social da masculinidade e feminidade. Nesta, seguiremos a afondar neste último aspecto e abordaremos, ademais, os seguintes contidos:

APRENDIZAXES CLAVE:

Cousificación, hipersexualización, feminidade hexemónica, masculinidade hexemónica, gordofobia e canons de beleza.

No microvídeo que se vai traballar créase unha escena á saída do colexio, do CEIP O Facho, onde un rapaz e dúas rapazas conversan sobre as personaxes femininas que aparecen nos videoxoños. Da escena extraese que a unha das rapazas activóuselle o seu radar TDX. Comenta que non lle gustan os videoxoños aos que adoita xogar o seu amigo porque as personaxes femininas soen aparecer cousificadas e hipersexualizadas, e sempre responden ao canon de beleza imperante. Tamén deixa entrever que non está de acordo cos roles pasivos que representan, é dicir, coa dependencia que teñen respecto ás personaxes masculinas e a falta de autonomía propia. Ademais, adoptan un papel de “damsel in distress” (damisela en apuros) que debe ser salvada pola personaxe masculina, ou de “vilá”, de malvada. Así, ven a cuestionar que en lugar de protagonizar historias, as mulleres nos videoxoños adoptan un rol máis pasivo, de atrezzo, ou acompañante.

Nesta unidade didáctica imos abordar, principalmente, a cousificación e hipersexualización das nenas e mulleres, así como afondar nos modelos hexemónicos da feminidade e a masculinidade, pois tamén están directamente vencellados a estas dinámicas.

Fagamos un breve repaso ao tema ... lémbreste como opera a socialización diferencial de xénero?

A socialización diferencial de xénero estrutúrase en base a dúas formas de “ser e sentir” radicalmente distintas, orixinando dous xéneros diferenciados e establecendo pautas férreas e elementos específicos asignados a cada un deles, xerando con isto mandatos e expectativas de xénero. Así, a socialización diferencial de xénero é o proceso de asignación e asimilación dos roles diferenciados, os cales imos interiorizando durante toda a nosa vida e, sobre esta base, construímos a nosa identidade de xénero. Son axentes socializadores, transmisores dos mandatos de xénero, a familia, o sistema educativo, as amizades e grupo de iguais, os medios de comunicación, entre outros.

E ... sabes que son as expectativas de xénero?

Son aquelas condutas, pensamentos, actitudes, intereses, emocións, etc. que socialmente se esperan dunha persoa polo feito de ser home ou muller (as condutas que consideramos “normais” segundo pertenza a un dos dous grupos sexuais definidos en base ao sistema binomial sexo-xénero). Por exemplo, espérase que os homes “sexan pouco emocionais, racionais, valentes, etc.”, mentres que as mulleres “sexan emocionais, sensibles, con habilidades para a crianza e as tarefas domésticas, coidar a súa beleza, etc.”

E por que temos estas expectativas?

Porque son aprendidas. A construción do xénero é un dos primeiros e máis importantes aprendizaxes que nos ensina a familia, a escola, a sociedade na que medramos,...Isto é, como vimos dicindo, o propio proceso de socialización no que nos desenvolvemos, especialmente nas idades temperás, ocúpase de impulsar as condutas consideradas correctas para cada sexo e de conter aquelas que non se adaptan ás actitudes e roles esperados (preservando así o sistema patriarcal). Polo que, en base a elas, prémíase ou castígase ás persoas segundo se asemellen ou afasten dos atributos que socialmente se lles asignan. Así, delimitan un conxunto de normas, mitos e crenzas que marcan o camiño “axeitado e ideal” de como debe ser un “home” e unha “muller”, isto é, a identidade de xénero.

Algunha vez escoitaches falar da masculinidade hexemónica?

Adoita falarse de **masculinidade hexemónica para referirse ao modelo “ideal” que define que é “ser home”** (mandatos de xénero). A continuación recóllense algunhas das características máis destacadas en base ás cales se constrúe o modelo de masculinidade hexemónica (no noso contexto, xa que estas van variando segundo o momento histórico e a sociedade na que se desenvolven):

Ser home significa...

- Rexeitar todo aquilo que sexa feminino;
- Ser duro, racional e non amosar sentimentos;
- Ser forte e estar disposto a empregar a violencia (o risco e a agresividade teñen unha gran presenza neste modelo);
- Ser importante, ter status e poder (os recursos económicos cobran gran importancia baixo o rol de provedor de recursos que se lle esixe);
- Realizar tarefas produtivas vencelladas ao ámbito do público e, polo tanto, visible;
- Etc.

Así mesmo, noutras definicións da masculinidade hexemónica confírense unha serie de privilexios ao configurar “ser

home” con certas formas de dominio (ser heterosexual, branco, non ter ningún tipo de discapacidade, nacer con pene, etc.) e, **como consecuencia, marcan outras expresións masculinas como inadecuadas ou inferiores**. E esta construción tan férrea do prototipo de “masculinidade ideal” penaliza aos homes racializados, gáis, trans, sen recursos económicos ou con algún tipo de discapacidade.

Pero **a realidade é que non existe unha masculinidade única nin un modelo universal**. E se ben é certo que o ideal hexemónico de masculinidade (o modelo tradicional patriarcal) foise transformando paseniñamente, acompañando aos cambios sociais que foron tendo lugar, dando paso a modelos de “ser home” máis diversos e inclusivos, tamén é certo que o modelo tradicional segue a estar moi presente. Tal é así que na actualidade segue a ser o socialmente máis valorado; maniféstase en comportamentos habituais que pasan desapercibidos e que son un reflexo do machismo e das desigualdades existentes. Pero tamén hai que recoñecer e valorar que cada vez son máis homes os que, recoñecendo a masculinidade tradicional (hexemónica), buscan unha transformación da súa propia masculinidade cara patróns menos prexudiciais e máis igualitarios. E isto dáse grazas a que son conscientes de que a igualdade de xénero implica a busca dunha orde social onde mulleres e homes poidan desenvolver as súas potencialidades como seres humanos, pero tamén un cambio naquelas formas de vida que lexitiman a desvantaxe feminina (a cal créase cando se entende a inferioridade da muller como algo natural). Isto supón unha contribución clave para a superación da violencia cara as mulleres. Polo tanto, **a masculinidade debe construírse e integrarse como unha concepción aberta, plural, flexible e dinámica, que permita integrar os diferentes modos de expresar a masculinidade**.

E a feminidade hexemónica?

Ao igual que os homes, as mulleres tamén deben responder a un modelo ideal de “ser” a través dos mandatos de xénero. En base ao modelo de **feminidade hexemónica**, as mulleres son chamadas a ser sensibles, fráxiles, emocionais, cariñosas, sacrificadas, compracentes, etc. Se a masculinidade

hexemónica busca que os homes obteñan privilexios e poder, a **feminidade hexemónica impón a submisión**. A continuación recóllense algunhas das características máis destacadas en base ás cales se constrúe o modelo de feminidade hexemónica:

Ser muller significa...

- Estar vencellada ao doméstico e reprodutivo (as crianzas e os coidados teñen un papel central para o pleno desenvolvemento e a súa realización persoal);
- Que a imaxe persoal, a beleza e o coidado do corpo son elementos de gran valor para a construción da propia identidade;
- Valorar os afectos por enriba de todo (o amor romántico é fundamental para acadar a “plenitude” e a felicidade);
- Ser fráxil, sensible e sentimental;
- Ser submisiva e calma;
- Etc.

Pero tamén significa, segundo este modelo, ser heterosexual, branca, non ter ningún tipo de discapacidade, etc. E, como acontece coa masculinidade, este modelo ideal de feminidade penaliza a todas as mulleres que non casan con estas categorías.

E cales serían algunhas das consecuencias negativas da masculinidade hexemónica?

A concepción de poder e a masculinidade hexemónica están moi relacionados pois comparten características tales como: gañar, mandar, lograr obxectivos, ser forte e duro. E estas características, atribuídas ao home, outórganlle certo dominio sobre a muller. Pero o poder tamén representa controlar sentimentos, emocións e necesidades afectivas para non perder o dominio nin o control sobre as demais persoas. Entre as consecuencias disto está que **os homes non poden desfrutar dunha afectividade saudable**. Ademais, o certo é que a día de hoxe **a violencia segue a estar incorporada na identidade masculina hexemónica como forma de resolver conflitos**. É máis, ten un papel fundamental: a predisposición ao emprego da forza, a agresividade e a violencia “se é necesario” seguen a premiarse socialmente cando quen as exercen son

os homes. Dende que son moi pequenos, a través dos procesos de socialización, os nenos aprenden a responder agresivamente. Adéstranse, a partir de xogos e dinámicas de ocio, a competir, loitar, gañar, conquistar, etc. Segundo diversos autores, “a violencia e o enfrontamento son os modos a través dos cales o home faise respectar, tanto por parte das mulleres como por parte dos homes, estando vencellado ao risco”. Namentres, as nenas aprenden a cooperar, coidar, calar, ceder, a “non molestar”, etc.

Cal é a etapa vital na que máis influen os prexuízos, estereotipos e roles de xénero?

A pre-adolescencia e a adolescencia son etapas moi complexas. Son momentos vitais nos que as valoracións e opinións do grupo de iguais cobran moito peso. Así, **a necesidade de aprobación e validación constante fai que se asimile o imaxinario social ao redor dos modelos hexemónicos da masculinidade e feminidade, mais tamén son fonte de presión social os canons de beleza e os discursos sobre os corpos**. Deste xeito, procúranse fórmulas e dinámicas que nos fagan encaixar dentro das expectativas de xénero, o que se espera de nós, e sentirnos aceptadas/os, atractivas/os, valoradas/os, etc., polo ollo alieo. E posto que estas dinámicas se desenvolven nun etapa vital na que aínda estamos a construír a nosa personalidade e forma de ser, son determinantes para a súa configuración.

Como funcionan os canons de beleza? Cales son as súas consecuencias?

O canon de beleza maniféstase na concepción dunha beleza hexemónica e imperante que na actualidade ten como pilares fundamentais a xuventude e a delgadeza. A partir deste, faise unha **sobre valoración dos atributos físicos que funcionan como unha forma de control e presión social moi poderosa e efectiva**. Mulleres e nenas son socializadas dende idades moi temperás en que parte da súa aceptación e benestar social pasa por ser atractivas e desexables. A linguaxe, os adxectivos diferenciados, os medios de comunicación, a publicidade, os filmes, as cancións, a industria alimentaria e

cosmética, os videoxogos, as redes sociais, etc., enarboran a beleza como fonte de valor social feminino. A representación de modelos de masculinidade e feminidade onde o éxito e o poder están vencellados á beleza e ao “corpo 10” é unha constante, especialmente nas redes sociais e plataformas dixitais que as novas xeracións consumen en masa, contribuíndo a perpetuar e lexitimar estes modelos prototípicos. A diversidade, pola contra, está ausente. E esta ausencia de diversidade é especialmente preocupante nos produtos dirixidos ás crianzas e persoas novas por dous motivos. En primeiro lugar, porque seguen a imitar os mesmos modelos hexemónicos de feminidade e masculinidade, onde a beleza é un mantra. En segundo lugar, porque non realiza unha radiografía nin real nin realista da sociedade. Isto é, contribúe a ocultar a diversidade e crea un imaxinario moi afastado da realidade social, que é moi diversa.

Así, **os canons de beleza fixados son imposibles de acadar e rematan por fomentar unha visión negativa sobre o propio corpo.** E os corpos que se afastan dos canons de beleza, é dicir, que non dan resposta ás esixencias do “normativo”, adoitan estar expostos á violencia. Nesta liña, as cifras destas formas da violencia entre as xeracións máis novas son cada vez máis alarmantes.

E...sabes que é a gordofobia?

A **gordofobia é o rexeitamento e violencia que sofren as persoas gordas polo feito de ser gordas.** É dicir, **o rexeitamento cara as persoas por non cumprir co mandato da delgadeza e non acadar as expectativas impostas.** E, se ben, está dirixida cara toda a poboación, sófrena especialmente as mulleres pois sobre elas a esixencia da beleza e o atractivo corporal é abafante (violencia estética). Ademais, está baseada sobre prexuízos e estereotipos respecto aos hábitos, costumes e saúde das persoas gordas, asimilando a crenza de que o corpo gordo responde a unha falta de vontade ou de autocoidado, de non facer o esforzo suficiente para acadar a delgadeza, sendo motivo que xustifica a penalización e a discriminación. Esta perspectiva, que pensa que o corpo gordo é produto de preguiza ou vagancia, non atende aos contextos que producen ou afectan aos corpos, nin a todos os factores que inciden en que unha persoa sexa gorda ou fraca. Así, elementos como as condicións económicas,

culturais, xenéticas, educativas ou sociais son eliminadas da ecuación. Cómpre ter en conta que a gordofobia en si mesma dana a saúde, pois a presión social externa que se exerce sobre as persoas gordas acaba por xerar actitudes de odio cara o propio corpo, de insatisfacción, complexos, falta de autoestima, illamento social etc., podendo rematar en trastornos alimentarios e/ou psicolóxicos.

Utilizar a palabra gorda...é gordofobia?

Cando se emprega como insulto, si. **E utilizar a palabra górdura...é gordofobia?** Non. O certo é que o termo górdura vai dirixido a ser un aspecto, unha característica física máis, como poden ser a forma e a cor de pelo, a forma e cor dos ollos, a altura, etc. E como a combatemos? A loita contra a gordofobia require abarcar principalmente dous aspectos. Por unha banda, precísase dunha transformación social profunda que cuestione os canons de beleza imperantes e impostos, que cuestione a súa fonda raíz androcéntrica, etnocéntrica e heteropatriarcal. Isto é, a imposición dun modelo occidental percibido como superior e dominante sobre outras culturas, modos de vida e formas de expresión. Por outra banda, dar visibilidade á diversidade de corpos non normativos que non encaixan dentro de ditos canons. Isto é reflexar as diferentes etnias, cores da pel, tamaños, alturas, formas, trazos físicos, discapacidades, etc.).

E...que é a cousificación?

A cousificación é unha **forma de violencia simbólica e tradúcese, fundamentalmente, no emprego das mulleres ou da súa imaxe para finalidades que non as dignifican nin como mulleres, nin como seres humanos,** senón que as deshumanizan, empregando o seu corpo como reclamo, obxecto de consumo pensado, principalmente, para o ollo masculino dende un prisma heterosexual. Mais a cousificación tamén acontece a través de comentarios e expresións. Cómpre ter en conta que a cousificación está relacionada directamente cos canons de beleza hexemónicos e a súa imposición, e constitúe unha forma de perpetuar, lexitimar e renovar o sexismo e o machismo, actuando como base ideolóxica para a desigualdade, a discriminación e as violencias máis directas,

especialmente as sexuais.

E a hipersexualización, que é exactamente?


A sexualización ocorre cando o valor dunha persoa mídese en base ao seu atractivo sexual. Isto é, a creación dun modelo no que o atractivo dunha persoa depende única e exclusivamente dos seus atributos físicos e o “sexy” que sexan os seus comportamentos. Nesta liña, **falamos de hipersexualización cando se impón a sexualización de contextos, condutas e comportamentos que, en si mesmos, non teñen e non deberían ter unha compoñente sexual.**

Así, convértense en “eróticas” escenas ou actitudes que, de entrada, non deberían selo, especialmente entre as crianzas en xeral e as nenas en particular. A omnipresente erotización das nenas en medios de comunicación e plataformas dixitais funciona como dinámica socializadora entre as crianzas, pois estes teñen unha gran influencia na súa autopercepción. Estes e estas imitan e reproducen os patróns de conduta que observan, percibindo dende idades moi temperás que acadar o triunfo, o éxito e o poder está vencellado directamente coa aparencia e a capacidade de “ser desexable”. Un exemplo claro de hipersexualización das nenas son as campañas publicitarias de marcas de moda infantil nas que aparecen retratadas con vestimentas e en posturas que non se corresponden á forma de comportarse das crianzas, así como o emprego de modelos femininas con trazos infantís ou xuvenís nas campañas de moda dirixidas a mulleres adultas. Así, pódese observar que a hipersexualización das nenas está vencellada cos canons de beleza hexemónicos que impoñen a xuventude como un dos seus axiomas.



PROPOSTA DIDÁCTICA

FICHA DAS
ACTIVIDADES




TEMA**Masculinidades e feminidades hexemónicas**

CURSOS	6º curso de Educación Primaria e 1º de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)	
OBXECTIVOS	• Reflexionar sobre a construción social da feminidade e a masculinidade imperantes, así como as expectativas e os mandatos de xénero que os rexen. • Aprender como afectan a cousificación e a hipersexualización nas distintas etapas vitais na consecución da igualdade. • Fomentar a visibilidade e a presenza de todo tipo de diversidades. • Identificar os comportamentos e condutas que perpetúan a violencia cara os corpos non normativos. • Reforzar o auto-coidado, auto-aceptación e a autoestima, así como a aceptación de todas as diversidades corporais. • Traballar a prol dun pensamento crítico capaz de detectar comportamentos discriminatorios que exercen violencia sobre os corpos e no desmantelamento dos canons de beleza imperantes.	
CONTIDOS QUE SE VAN A TRABALLAR	▷ Cousificación ▷ Hipersexualización ▷ Feminidade hexemónica ▷ Masculinidade hexemónica ▷ Gordofofia ▷ Canons de beleza	
ACTIVIDADES	TEMPO ESTIMADO	MATERIAIS
1ª. ACTIVIDADE «Previsionado e ideas previas do alumnado»	10 min.	• Anexo Nº 1. Guía de Actividades • Anexo Nº 2. Actividade 1: Aclarando as ideas
2ª. ACTIVIDADE «Previsionado e ideas previas do alumnado»	20 min.	• Anexo Nº 3. Diálogo • Anexo Nº 4. • Anexo Nº 5. Ficha: Estamos influenciadas e influenciados? • Anexo Nº 6. Sumas ou restas?"
3ª. ACTIVIDADE «Visionado do microvídeo e análise do contido»	20 min.	• Microvídeo



DESENVOLVIMENTO



PRIMEIRA ACTIVIDADE:

10 min. aprox. [Previsionado e ideas previas do alumnado]

.....

1º.

Para coñecer as ideas que o alumnado posúe arredor do tema que imos tratar na sesión e que incorporen novos conceptos, comezamos coa dinámica: "Aclarando as ideas".

2º.

Pedimos ao alumnado que se organice en pequenos grupos, de 2-3 persoas.

3º.

Distribuímos entre o alumnado a ficha que contén o **"Anexo Nº 2. Actividade 1: Aclarando as ideas"** e proxectamos as diapositivas 2 e 3 do **"Anexo Nº 1. Guía de Actividades"**. Explicamos que a ficha contén dúas columnas, nunha delas recóllense unha serie de definicións e na outra os termos definidos. A orde asignada non é a correcta, polo que lles indicamos que dispoñen de 5 minutos para ler as definicións e relacionalas correctamente. Os termos que deben relacionar coas súas definicións son: gordofobia, masculinidades igualitarias, cousificación, hipersexualización e hipersexualización das nenas, delgadeza, sexismo, canons de beleza e corpo.

4º.

Facemos unha posta en común. Imos vendo cada un dos termos, pedindo aos grupos que comenten se o relacionaron coa definición correcta ou se tiveron dificultade. Preguntámoslles tamén se saberían dicir exemplos ou situacións que teñan que ver con cada un dos termos. Podemos empregar como apoio para a posta en común da actividade a diapositiva 5 do **"Anexo Nº 1. Guía de Actividades"** onde aparecen os conceptos relacionados cos seus significados, así como algúns exemplos para mostrarlles ao alumnado.

SEGUNDA ACTIVIDADE:

20 min. aprox. [Previsionado e ideas previas do alumnado]

1º.

Para seguir aprofundando en como as normas de xénero influen na vida e nas relacións entre as persoas, facemos unha breve dinámica. Pedimos 4 persoas voluntarias e explicámoslles que teñen que representar a seguinte escena:

No patio do colexio vemos que na parte central hai uns rapaces que están xogando ao fútbol e, nunha das esquinas, un grupo de rapaces e rapazas que están falando arredor dun banco. O balón impacta contra a cara dun dos rapaces dese grupo, e este reséntese do golpe (tápase a cara coas mans, encóllese un pouco coa dor, e cáenlle as bágoas). Esta situación motiva que ambos os grupos inicien unha discusión.

2º.

Entregámoslle a cada persoa o **“Anexo Nº 3. Diálogo”**, indicándolles que para a representación só teñen que ler o diálogo, cada persoa o seu papel asignado (rapaz Nº 1, rapaz Nº 2, rapaza Nº 1, rapaza Nº 2).

Diálogo:

- (Rapaz Nº 1) Mira que bo ollo tes! Deches na diana.
- (Rapaz Nº 2) Fíxate, xa está choromicando como unha nena.
- (Rapaza Nº 1) Sodes uns brutos!
- (Rapaz Nº 1) Ti cala, hipopótamo!
- (Rapaz Nº 2) Téñente que defender as nenas?
- (Rapaza Nº 2) Aínda non vos decatastes que ir de “machiño” é da época das cavernas? Evolucionade.

3º.

Tras a lectura do diálogo, preguntámoslle ao conxunto do alumnado se a alguén se lle activou o seu radar da TDX, e indágamos sobre o que detectaron. Para isto, pedímoslles que vaian indicando as ideas clave, e podemos ir anotándoas na lousa.

4º.

Co gallo de facilitar que se xere un debate entre o alumnado sobre a temática, a continuación recóllense unha serie de preguntas que poden servirnos como guía. Podemos atopar material de reforzo para visualizalo na aula no **“Anexo Nº 4.”** e na diapositiva 7 do **“Anexo Nº 1. Guía de Actividades”**:

- Na conversa alguén di: “mira que bo ollo tes! Deches na diana”. A que se referirá con isto?
- Detectastes algún estereotipo de xénero na conversa?
- Alguén tamén dixo: “Fíxate, xa está choromicando como unha nena”... Que pensades sobre esta expresión?, Por que parece un insulto?, Referirase a que chorar é cousa de nenas ou a que é malo facer algo como unha nena?, Cal é a diferenza entre as bágoas dunha nena e as dun neno?, Chorar é sinal de debilidade?, Os homes non teñen sentimentos e non poden amosar debilidade?, Que outras expresións sexistas adoitamos dicir ou escoitar?
- Cando lle di: “ti cala, hipopótamo”. Este pode ser un exemplo de gordofobia? Como creedes que se senten as persoas que reciben mensaxes e expresións deste tipo? Que consecuencias poden ter para elas? Que podemos facer para frear a gordofobia?
- Unha das rapazas dilles que se non decataron que ir de “machiño” é da época das cavernas, e que evolucionen. Que pensades sobre isto?

► Reflexións ás que chegar coa actividade

- **As características asociadas ás nenas e/ou mulleres son consideradas polo noso sistema patriarcal de menor valor** polo feito de non favorecer a consecución do éxito e o poder. Por exemplo, a expresión “está choromicando como unha meniña” é tan só unha mostra das expresións sexistas que debemos cuestionar e evitar, utilizando outras formas de expresión máis respectuosas.
- **Cada vez hai maior número de homes que toman un papel activo na construción da igualdade e que buscan liberarse dos estereotipos tradicionais que lles impoñen como deben ser e comportarse** (fortes, uso da violencia como forma de resolver conflitos, sen medos, con chulería, conter as súas emocións, ambiciosos, protagonistas, súper heroes de película, etc.). Cuestionan estes estereotipos e buscan relacionarse dende a igualdade, o respecto e o bo trato. Son máis empáticos, sensíbeis, expresan as súas emocións ou medos, saben relacionarse, etc. A ruptura da masculinidade hexemónica, e dos estereotipos de xénero tradicionais, dá paso ás masculinidades diversas, igualitarias, diferentes... Debemos ser conscientes de que os estereotipos son grandes condicionantes das nosas vidas e moi prexudiciais en tanto que determinan en boa medida a nosa forma de comportarnos, os nosos gustos e intereses, expectativas,...en definitiva, o noso modo de vivir.
- **A górdofobia é unha forma de discriminación que se exerce a través de mensaxes de odio e de rexeitamento respecto ao corpo, e ten graves consecuencias para as persoas que a sofren** (consecuencias na súa saúde física, mental, social,...). É unha das principais causas da violencia escolar. As mensaxes e

insultos que reciben terminan calando fondo e interiorízanse, aloxándose na persoa sentimentos negativos de culpa e responsabilidade que afectan directamente á súa autoestima. Todas as persoas somos diversas e, con independencia de como sexa o noso corpo, peso, aparencia, capacidades,... merecemos respecto e vivir unha vida libre de discriminación e violencia. E como o facemos? Aceptando a diversidade corporal, sendo máis respectuosas coas persoas gordas e non deixando que nos afecte a presión estética.



Para seguir afondando...
podemos completar a sesión con estas dúas actividades.

Actividade:

“Identificando a nosa cota de masculinidade/feminidade hexemónica”

1º.

1Distribuimos a cada alumna e alumno o **“Anexo Nº 5. Ficha: Estamos influenciadas e influenciados?”**. Esta ficha contén unhas preguntas para que os nenos e as nenas respondan “si” ou “non” de forma individual. Con isto van identificar cal é a súa cota de identidade de xénero hexemónica. Estamos influenciadas e influenciados? Comprobémolo!

Son un NENO e...

- Sempre son valente e gústame rescatar a outras persoas?
- As veces sinto medo pero dáme vergoña contarllo aos meus amigos e amigas?
- Cústame pedir axuda a outras persoas?
- Adoito mostrar abertamente os meus sentimentos e emocións?
- Compórtome de forma agresiva cando me enfado?

Son unha NENA e...

- Prefiro que me rescaten que facer as cousas por min mesma?
- Penso que para ser feliz na vida é necesario ter unha parella?
- Aféctame á miña autoestima que a xente pense que son guapa ou fea?
- Oculto os meus gustos pola reacción que poida ter o meu grupo de amigas e amigos ou polo que poidan pensar?
- Cústame expresar ou dicir o que me fai sentir mal ou aquilo que me incomoda?

2º.

Indicámoslles que deben marcar cunha “X” a súa resposta.

3º.

Unha vez completen a ficha, pedímoslles que sumen as puntuacións. Os resultados van de 0 a 5 e cada resposta afirmativa suma un punto. Canto máis alta sexa a puntuación que obteñan, maior será a influencia dos mandatos de xénero na súa identidade.

4º.

Explicámoslles que cando a nosa identidade se achega ao modelo de masculinidade ou feminidade hexemónicas significa que os estereotipos e os roles de xénero están a influír na nosa forma de comportarnos e

expresarnos. Algunhas características do modelo de masculinidade hexemónica son:

- Ser home significa rexeitar todo aquilo que sexa feminino.
- Ser importante, ter maior status, e maior poder.
- Ser duro, non mostrar sentimentos.
- O risco e a agresividade son sinónimos de masculinidade.

E algunhas características do modelo de feminidade hexemónica son:

- A importancia dos fillos e fillas e os coidados para o pleno desenvolvemento.
- A importancia da imaxe persoal como elemento da propia identidade.
- A expresividade dos afectos e sentimentos.
- O amor romántico.

5º.

A continuación, lanzámoslles a seguinte pregunta:

- Que comportamentos contribúen a unha convivencia en igualdade?

Actividade:**“Sumas ou restas?”****1º.**

Co gallo de que o alumnado reflexione e descubra que cuestións son clave para vivir unha vida libre de estereotipos e prexuízos de xénero, propoñemos unha breve dinámica: “Sumas ou Restas”. Esta actividade consiste en que o alumnado reflexione e descubra a través do xogo que cuestións suman ou restan para vivir e experimentar unha feminidade e unha masculinidade non hexemónicas, contribuíndo a unha participación máis igualitaria e respectuosa na súa contorna. É importante que entendan que si

incorporamos condutas e comportamentos a prol da igualdade de xénero permitíranos, tanto a homes como a mulleres, incorporarnos plenamente tanto no ámbito público como no privado, expresando a nosa identidade sen que nos influán os estereotipos de xénero.

2º.

Recortamos as tarxetas dispoñíbles no **“Anexo Nº 6. Sumas ou restas?”** pola liña de puntos e desordenamos todas as metades. O obxectivo do xogo é unilas posteriormente.

3º.

Pedimos ao alumnado que se organice en pequenos grupos, de 3-4 persoas.

4º.

Distribuímos entre o alumnado as tarxetas recortadas e desordenadas. Explicámoslles que en cada unha delas recóllese unha conduta que teñen que clasificar en base a se cren que é algo que “suma” ou algo que “resta” para vivir unha identidade de xénero non hexemónica e libre de estereotipos. Indicamos que dispoñen de 5 minutos para ler as tarxetas e relacionalas en función ao consenso ao que cheguen.

5º.

Facemos unha posta en común. Imos vendo cada unha das condutas, pedindo aos grupos que comenten por que cren que “suma” ou “resta”. Preguntámoslles tamén se se lles ocorren outras que sumen e que resten.

COUSAS QUE SUMAN PARA VIVIR A IDENTIDADE DE XÉNERO NON HEXEMÓNICA (LIBRE DE ESTEREOTIPOS)

- Os homes teñen as mesmas responsabilidades que as mulleres no traballo de coidados e no fogar.
- As mulleres poden ser valentes.
- Homes e mulleres expresan as súas emocións e dialogan sobre o que lles pasa.
- As mulleres poden triunfar no sector que se propoñan, son decididas e perseguen os seus obxectivos académicos e laborais.
- Tanto mulleres coma homes saben dialogar para a resolución de conflitos.
- Os homes poden sentir medo e expresalo.

COUSAS QUE RESTAN PARA VIVIR A IDENTIDADE DE XÉNERO NON HEXEMÓNICA (LIBRE DE ESTEREOTIPOS)

- Os homes non choran, non saben expresar as súas emocións.
- As mulleres non teñen forza. Non lles gusta o exercicio.
- Os homes son brutos, dálles igual todo.
- As mulleres preocúpanse moito pola aparencia e a estética.
- Os homes son competitivos por defecto e sempre conseguen o que queren.
- Ás mulleres son empáticas por natureza, gústalles escoitar aos demais.

TERCEIRA ACTIVIDADE:

20 min. aprox. [Visionado do microvídeo e análise do contido]

.....

1º.

Proxectamos o segundo microvídeo da campaña, o cal ten unha duración de 1:45 minutos.



2º.

Preuntámoslle ao alumnado que lles di o seu radar da TDX sobre a situación que acabamos de ver no microvídeo.

3º.

Para comprobar se entenderon as situacións de desigualdade sobre as que se busca sensibilizar a través do microvídeo, en plenario pedimos ao alumnado que describa que ideas se transmiten no microvídeo.

4º.

Co gallo de afondar naquelas cuestións que non son doadas de detectar nun primeiro momento, podemos apoiarnos nalgúns das preguntas que a continuación se recollen e abrir un debate:

- A quen de vós lle gustan os videoxogos? Que opinades do que se di no vídeo de que case non hai mulleres? E estades de acordo co que se di sobre a representación das mulleres? Credes que é unha forma de sexismo? Por que?
- En xeral, como aparecen representados os homes nos videoxogos? E as mulleres? Cales

son as diferencias que notades? E no cine series, publicidade, programas de televisión, represéntanse do mesmo xeito ou credes que hai diferencias?

- Cales son os ideais de beleza de mulleres e homes que se reproducen nos videoxogos? Credes que isto afecta na nosa vida cotiá? Como?
- E estes modelos de “ser muller” que aparecen nos videoxogos, credes que inflúen na imaxe que as rapazas teñen sobre si mesmas? E na imaxe que os rapaces teñen sobre as rapazas? Que ideas ou valores credes que transmiten?

► Reflexións ás que chegar coa actividade

- **Para rematar coas desigualdades de xénero, cómpre deixar de reproducir os modelos hexemónicos da masculinidade e a feminidade que ditan a forma correcta de ser muller e home.** Así, é necesario aceptar que non hai formas correctas e incorrectas de “ser”. Pensar e actuar doutro xeito é moi inxusto, xa que acabamos reproducindo prácticas que non son boas para nós e van en contra do principio de igualdade. E isto pasa por normalizar a diversidade.
- **Os modelos hexemónicos de feminidade e masculinidade “ideais” son difíciles de acadar** e, polo tanto, unha fonte de frustración e malestar. E isto acontece porque establecen unha serie de mandatos de xénero moi ríxidos que xeran fortes desigualdades sociais.
- **A pre-adolescencia e a adolescencia son etapas vitais nas que se busca contar coa aprobación e aceptación do resto de persoas,** especialmente do grupo de iguais. Os medios de comunicación, as imaxes en redes sociais, as expectativas, a publicidade, a música, as series, etc.,

teñen unha gran influencia á hora de establecer como a mocidade se percibe a si mesma, especialmente entre as rapazas máis novas. Estas son plataformas nas que se enarbora a beleza como fonte de valor social feminino. Así, os ideais e canons sociais de beleza e a valoración dos atributos físicos teñen un gran impacto sobre os imaxinarios das persoas en xeral, e da mocidade en particular, e son, polo tanto, unha fonte de control e presión social moi efectiva, xerando un fondo malestar e frustración entre as mulleres e as nenas, pois son socializadas dende idades moi temperás a que parte da súa aceptación e benestar social pasa por ser atractiva e desexable.

- **A cousificación das mulleres nos videoxogos contribúe a reforzar os canons de beleza e o imaxinario social sobre un modelo ideal de muller e feminidade.** E isto acontece porque as mulleres son retratadas dun xeito moi estereotipado, á vez que se emprega como obxecto de reclamo, e sempre ou case sempre en roles pasivos.
- **A forma na que mulleres, mozas e nenas son representadas nas diferentes plataformas sociais e dixitais,** entre elas os videoxogos, perpetúa a súa hipersexualización, pois torna en sexual accións que, de entrada, non teñen en si mesmas unha compoñente erótica. A forma na que aparecen vestidas, como se moven, corren, falan, os seus xestos, os seus trazos faciais, etc., está hipersexualizada. E isto ten un efecto directo sobre como a mocidade, especialmente as mozas, se percibe a si mesma, adoptando comportamentos e condutas similares encamiñadas á aceptación e á aprobación social, especialmente entre o seu grupo de iguais.

5º.

Para finalizar, podemos volver poñer o vídeo e reflexionar conxuntamente sobre o aprendido na sesión. Por exemplo, sobre cousas que agora detectamos no noso día a día e os cambios que podemos realizar para desbotar tales prácticas.



Para seguir afondando...

Actividade: fai que chegue a máis persoas do cole o radar TDX. Aceptas o reto?

Se cres que é necesario e/ou enriquecedor seguir afondando nalgúñas das cuestións e ideas que xurdiron tras a visualización do microvídeo, podemos realizar a seguinte actividade:

1º.

Comentamos que o microvídeo da campaña non ten título.

2º.

Pedimos ao alumnado que, de maneira individual, pense nun título para poñerlle e que elabore un cartel.

3º.

Os carteis poden colocarse na aula.

